



ALBERTADAS

Alberto Monter

O ESPECTÁCULO

ALBERTADAS, así é como chamaban os compañeiros de Alberte ás “improvisadas” que este se marcaba no escenario no seu primeiro grupo de teatro. É unha práctica á que colleu agarimo e que non abandonou xamais.

Amigo de pintar saíndose das liñas, de camiñar ó marxe do rabaño, Alberte ofrece no seu espectáculo un **monólogo fresco, orixinal e disparatado**.

Máis dunha hora de risas onde se mesturan **historias cotiás** con **surrealismo**, **verdade** con **esaxeración**, **destripada actualidade** con **chistes malos**. Un cóctel perfecto de diversión louca.

Un show explosivo, cargado de enerxía, adrenalina e humor.

Duración: 90m

Necesidades técnicas: Equipo de luz e son básico. Tarima ou escenario duns 4 metros cadrados aprox.

Dereitos de autor: Sobre a interpretación e o guión, © Alberte Montes

O ARTISTA

Alberte Montes é actor, guionista, director, locutor... e di súa nai que non fai nada.

Formouse como actor no **Estudi Nancy Tuñón i Jordi Oliver** de Barcelona ó mesmo tempo que ampliaba os seus recursos actorais en distintos cursos de expresión corporal, voz, clown ou loita escénica.

A súa xuventude non foi impedimento para que acumule xa unha dilatada experiencia en teatro profesional, infantil e de rúa. Traballou en compañías como **Furafollas** ou **Teatre Obligator** e a nivel individual ten representado espectáculos en varios teatros de Barcelona como **Teatreneu** ou **Teatre Llantiol**.

No terreo audiovisual participou nunha ducia de curtametraxes, algúns deles premiados a nivel nacional (**205**), e recentemente nas longametraxes **REC 4** de Jaume Balagueró e **El olivo** de Icíar Bollaín. Colaborou en programas televisivos da produtora **El Terrat** como **Salvados**, **Buenas noches y Buenafuente** ou **En el Aire** e noutros da **Televisión de Galicia** como **A Solaina** e **Tourilandia**.

Traballou tamén en spots publicitarios como o da coñecida aplicación **Catarrator** para a marca **Frenadol** dirixido por Ernesto Sevilla e recentemente no de **Cero Comisi3ns** para a entidade **ABANCA**.

Acumula m3ais de 1.000 actuacións en directo como monologuista profesional nos seus oito anos de carreira, coincidindo no escenario con artistas como Ignatius, Lu3s 3lvaro, 3lvaro Velasco, Albert Boira, Toni Moog ou Carlos Blanco. Percorreu gran parte do territorio nacional e na actualidade forma parte do elenco de c3omicos do canal **Comedy Central**, onde xa gravou dous mon3logos para o programa **Central de C3omicos**.

CONTACTO

Alberte Montes

651 427 141 / alberte@albertemontes.com

Xosé Manuel Fernández

657 014 555 / xosemanuel@hermanagerproductions.com

